



OS NOSOS IRMÁNS: INTERCAMBIOS LITERARIOS ENTRE A XERACIÓN NÓS E AS IRMANDADES DA FALA COAS LITERATURAS PENINSULARES (1918-1936)

Kerry Ann McKeivitt

The Queen's College, University of Oxford

A actividade da traducción xurdiu de vagar en Galicia entre os anos 1918 e 1936 como parte dun programa cultural máis amplo. Este programa comezou coas actividades das Irmandades da Fala e da Xeración Nós, grupos intelectuais e políticos que pretendían defender e promove-la lingua e cultura galegas.

Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Florentino López Cuevillas e Antón Villar Ponte, entre outros, fundaron e contribuíron coas súas achegas ós xornais *A Nosa Terra* e *Nós*. Cos seus artigos e ensaios, ámbolos grupos traballaron a prol da recuperación da lingua e na dinamización do nacionalismo galego. Para promove-los ideais nacionalistas, ámbolos xornais publicaban artigos, ensaios, e poemas de escritores portugueses e cataláns, como exemplos doutras actividades homólogas dentro do marco peninsular.

Neste artigo hei examina-lo papel da traducción nos xornais *A Nosa Terra* e *Nós*, e cómo algunhas traduccións de escritores peninsulares enriqueceron a cultura galega. Ademais, tentarei expoñe-los intercambios literarios entre o pobo galego e outros pobos peninsulares, e asemade analiza-las razóns polas que se 'importaron' estes textos. Moi especialmente, centrarei a miña atención nos motivos polos que os dous xornais escolleron e incorporaron nas súas páxinas as obras de escritores de Portugal e Cataluña.

Para comprende-la presenza das traduccións e as abundantes referencias ás culturas e literaturas portuguesa e catalana, temos primeiro que considera-los xornais e as súas intencións durante esta época. Como órgano oficial das Irmandades da Fala, *A Nosa Terra* denominouse o "Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal". O seu primeiro número saíu á luz o 14 de novembro de 1916. Desde esta data deica xullo de 1936, era o gran voceiro do nacionalismo galego e o instrumento propagandístico de carácter político das Irmandades da Fala.

En xeral, publicou artigos sobre temas políticos e sociais, como o nacionalismo dentro e fóra de Galicia, os movementos agrarios, a emigración, a lingua e a educación. Pero durante a ditadura de Primo de Rivera e a censura militar, desde 1924 ata 1930, o xornal renunciou ó seu carácter político e publicou artigos de temática máis cultural e literaria.

Doutra banda, *Nós* era un xornal cultural fundado polo grupo do mesmo nome, a Xeración Nós. *Nós*, sen ningunha dúbida, foi a revista máis importante para o desenvolvemento cultural de Galicia. O seu primeiro número apareceu o 30 de outubro de 1920 e publicouse ata 1935. Tratou tamén algúns aspectos do nacionalismo, pero priorizou as cuestións culturais sobre as políticas, publicando diversos estudos lingüísticos, literarios, artísticos, filosóficos, etnográficos, arqueolóxicos, históricos e de pensamento político. A presenza de referencias estranxeiras, como recensións de xornais internacionais, a participación de xornalistas e poetas e mailas traducións, son proba do interese por difundir-lo coñecemento da vida cultural europea. Como suxiren Beramendi e Núñez Seixas, “[. . .] a revista *Nós* actuou desde Ourense como contrapeso de autoridade intelectual fronte ao predominio coruñés sobre a máis política *A Nosa Terra*” (Beramendi e Núñez Seixas 1996: 135). A diferenza de *A Nosa Terra*, que atraía un público popular, *Nós* atraía a elite intelectual galega.

En *A Nosa Terra* e *Nós*, a tradución de poesía, ensaios, contos e fragmentos de novelas era unha iniciativa especial. Escritores de varias culturas e nacións, como a catalana, a irlandesa, a francesa, a armenia, a portuguesa, a italiana e a india, foron traducidos ó galego e publicados nestes xornais. Sen embargo, aínda que as traducións apareceron periodicamente en ámbolos xornais, a actitude de cada xornal cara á actividade traductora era moi diferente. No seu primeiro número, *A Nosa Terra* promete que as traducións serán frecuentes. Dous anos despois, no número 76 do 25 de decembro de 1918, Evaristo Correa Calderón explica por qué a tradución é da máxima importancia para a lingua galega. Segundo comenta:

Temos de dare á literatura galega d’oxe, un senso novo e actual.

Nos debemos tratar de conquistar tamen qu’a lingua galega sexa elástica e dútil, pra cincelar n-ela as novas Formas, as novas Ideias.

[...]

Sempre é bon, qu’ unha língua teña as verbas necesarias pra s’espresar falando d’economía, ou d’industria ou de labranzas ou de probreimas internacionaes, e tamén pra facer n-ela as bellas i estranas formas, cheas de fermosura. (Correa Calderón, 1918: 5)

Correa Calderón pon a súa enfase na tradución porque pode transformalo galego de “a fala d’ouro e de ferro” nunha lingua moderna. Ademais, as súas verbas suxiren que *A Nosa Terra* aceptou a actividade traductora como unha estratexia beneficiosa para o desenvolvemento da lingua galega.

Non obstante, nun principio a Xeración Nós vía con bos ollos a tradución. Adoptaban unha actitude proteccionista cara á lingua e a cultura galega. A diferenza das Irmandades da Fala, que ás veces traduciran textos casteláns, os membros da Xeración Nós evitaban e rexeitaban tódalas

influencias culturais e literarias de Madrid. En 1920, cando *Nós* publicou a súa primeira tradución, un poema de Yeats, Risco escribiu, “Anque non-os gustan as traducións, damos eiquí unha” (Risco, 1920: 16). As verbas de Risco parecen suxerir que os editores de *Nós* non estaban seguros da importancia da tradución. É probable que o compromiso co enxebrismo de Risco e os membros do grupo lles crease un conflito ético. A través da tradución de textos estranxeiros, a Xeración Nós publicaría textos en lingua galega, pero non estaría dando expresión á súa cultura e ó seu xenio. Polo tanto, sería contrario ás súas esixencias de creatividade e orixinalidade. Ademais, Risco non era demasiado partidario da tradución, porque naquel tempo era considerada unha traizón ó autor e por non expresa-la beleza da obra orixinal. Para superar este obstáculo, a Xeración Nós optou por traducir obras que presentaban afinidades coa cultura galega. Por conseguinte, a actitude cambiou e a tradución deixou así de espertar tantas reticencias.

A pesar das actitudes contradictorias expresadas por ámbolos dous grupos, a tradución cumpría certas funcións en ámbolos xornais. Primeiro, establecer e promove-lo galego como lingua escrita. Segundo, achegar ós lectores a literatura doutras culturas estranxeiras. E, por último, na maioría dos casos, ofrecer modelos para a creación e desenvolvemento dunha literatura moderna en galego.

No século vinte, tanto os textos portugueses coma os cataláns aparecían con frecuencia nos xornais galegos. Para comprender por qué estas obras eran importadas, é importante considerármolos roles do atlantismo e o nacionalismo en Galicia. Os ditos xornais acentuaban a irmandade entre Galicia e Portugal, subliñando a súa loita común e a súa solidariedade espiritual. Segundo Risco e a súa teoría do atlantismo, as nacións do Atlántico uníanse supostamente por vencellos fraternais e eran distintas das nacións do Mediterráneo (Risco, 2000: 31-32).¹ O poeta portugués Teixeira de Pascoaes, que era considerado o “grande e amado Mestre” pola revista *Nós*, referiuse ós vínculos entre Galicia e Portugal deste xeito: “Nós, portugueses e galegos sômos a gente mais idealista da Península porque sômos a mais sentimental. Catalães são principalmente homens de acção, industriais e comerciantes. Eles crearão o corpo e nós crearemos a alma da futura Iberia...” (*Nós*, 1, 1920: 18). Xuntos ós escritores galegos e portugueses, esperaban proclama-lo valor universal das súas culturas e linguas. Para Risco, Otero Pedrayo e outros intelectuais, identifica-los galegos cos portugueses, e tamén cos pobos atlánticos, permitíalles distinguirse dos españois casteláns. A partir destas orixes e herdanza atlánticas, os homes de *A Nosa Terra* e *Nós* revisaban e re-escribían o pasado de Galicia e, así mesmo, redefinían a súa identidade. Polo tanto, o atlantismo permitíalles definir Galicia como a súa nación.

Como Irlanda, Cataluña servía como paradigma do nacionalismo ás Irmandades da Fala e á Xeración Nós e inspiraba admiración. Segundo *Nós*, compartían intereses nacionais, en particular unha afinidade política:

Estabamos hai tempo un pouco lonxe da cultura catalana, que por mais que

¹ Para máis información sobre o atlantismo, véxase Vicente Risco, *Teoría do nacionalismo galego*, ed. orixinal (Ourense: La Región, 1920); cito pola ed. de Justo Beramendi (2000: 31-32).

sexa ben diferente da nosa nos seus caracteres e nos seus fitos —falamos da cultura— cecais por iso mesmo a súa coñecencia ha ser mais proveitosa pra nós, com' eixemplo metodolóxico n-us casos, e com' ensino n-outros. Ademais de que sendo a d'iles e a nosa duas culturas que se desenvolven de costas á cultura oficial, ha haber antre elas a fraternidade que xunta sempre aos que teñen intreses comús. (*Nós*, 69, 1929: 159)

Por esta razón, atopamos moitas traducións de artigos que tratan temas como o rexionalismo, o nacionalismo, a preservación de culturas tradicionais e a redención das linguas. Por medio destas traducións, divulgaban os ideais dos movementos nacionalistas. Os intelectuais galegos identificábanse cos cataláns, os seus irmáns ibéricos, que tamén pertencían a unha cultura periférica e europea loitando pola súa identidade cultural e nacional dentro da península. Por conseguinte, a referencia a Cataluña era obrigada. A seguir, gustaríame examinar por qué certos escritores portugueses e cataláns eran obxecto de tradución en ámbolos xornais.

A *Nosa Terra* publicou varias obras de escritores portugueses, como J.J. Nunes, Eça de Queiroz, Leonardo Coimbra, Teixeira de Pascoaes, e Guerra Junqueiro, entre outros. Tamén dedicou atención específica ós poetas portugueses a través das seccións “Os poetas mais novos de Portugal”, “Dende Portugal”, “Os nosos colaboradores portugueses”, “Letras irmáns”, e “Poetas portugueses”. Ademais diso realizaron estudos críticos sobre autores portugueses. Estes proxectos ilustran cómo *A Nosa Terra* respectaba os seus “irmáns de raza [e] irmáns na lingua” (*A Nosa Terra*, 51, 1918: 3) e intentaba espalla-la literatura portuguesa entre o seu público. Pola súa banda, *A Nosa Terra* trataba os textos de maneira diferente: ou mantiñaos no seu portugués orixinal ou traducíao ó galego. Antes da primeira tradución do “fermoso conto” de Eça de Queiroz “A aia”, *A Nosa Terra* explica:

O conto fica en portugués. Somente poñemos a ortografía gallega. Só unhas catro ou cinco palabras do noso idioma substituíron palabras da lingua irmá. Para que se veja se serve ou non o gallego para facer prosa tan cheia de matices e finezas como a castelá. (*A Nosa Terra*, 65, 1918: 4)

Para os editores, estas traducións permitían presenta-la literatura en galego mentres dignificaban a súa lingua.

En *Nós*, a colaboración constante entre os intelectuais portugueses e galegos é moi evidente. A diferenza de *A Nosa Terra*, os editores de *Nós* conservaban xeralmente a lingua dos seus colegas portugueses con quen intercambiaban cartas persoais, textos literarios e xornais. Como consecuencia, vemos contribucións literarias de Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, Alexandre de Córdova, e Hernani Cidade. Ademais, aparece un estudio arqueolóxico de Mário Cardozo e da poesía de Antonio de Cértima Cunha Barros, Souza Aguiar, e Anrique Paço d'Arcos. Ó mante-la lingua orixinal dos textos, *Nós* defende os obxectivos que estableceran no seu primeiro número:

Querendo suprimir entremediarios antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, *Nós* abre as suas páxinas a prestixiosas persoalidades

estranxeiras que contan de nos honrar co' a colaboración e tamén ha informar ó público galego do movemento das ideas no mundo civilizado. (*Nós*, 1, 1920: 2)

Ó toma-las verbas de Risco, *Nós* trata de evitar intermediarios, en particular de Castela, e de presenta-la literatura doutras culturas directamente ó seu público. Esta actitude pode explicar por qué os editores importaron as obras portuguesas sen traducilas. Para *Nós*, a participación dos portugueses no seu proxecto cultural era un honor que lles fornecía apoio e prestixio. A partir de aí, esperaban que fose beneficioso para ámbalas culturas e linguas.

Aínda que a presenza da literatura catalana non era tan predominante como a portuguesa, os cataláns, en particular os políticos, eran respectados polos seus colegas galegos. En xeral, os xornais galegos importaban e traducían artigos de revistas catalanas, como *La Revista*, *El Sol*, o *La Veu de Catalunya*. Ás veces, estas traducións eran resultado do intercambio xornalístico entre galegos e cataláns. Segundo *A Nosa Terra*, “os catalanistas novos, mándannos artigos en catalán que nós publicamos, com'o d'enriba, traducido o noso idioma. E nós mandámolos en galego i-aló tradúcennos ô catalán” (*A Nosa Terra* 118, 1920: 1). A poesía traducida inclúe “A vaca cega” e “Unha vos” de Maragall, así como algúns artigos traducidos como “Verbas de Pi Margall” e “Verbes d'un apóstol: Do evanxelio nacionalista” de Francisco Cambó. En *Nós*, hai poucas contribucións catalanas. *Nós* publicou un artigo sobre Angel Guimerá por Tomás Garcés en catalán, e traducións de “As catro viuvias” de Guimerá e “San Francesch” de Verdaguer. A ausencia de literatura catalana en *Nós* podería deberse á preferencia da revista polas nacións atlánticas, especialmente Portugal e Irlanda, ó priorizaren cuestións culturais antes ca políticas.

Para concluír, quixera dicir que os textos portugueses e cataláns, traducidos ou non traducidos, serviron para reforza-las afinidades culturais, lingüísticas e políticas entre os galegos e os seus irmáns peninsulares. Aínda que o tratamento dos textos realizado por *A Nosa Terra* e *Nós* era distinto, a súa incorporación nos xornais indica que ámbolos grupos se identificaron cos seus temas e coas súas mensaxes. Por medio destes intercambios literarios cos portugueses e cataláns, as Irmandades da Fala e a Xeración Nós introduciron e lexitimaron a ideoloxía nacionalista ó tempo que defenderon o valor da súa lingua na península.

Bibliografía citada

- BERAMENDI, Justo G. e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. *O nacionalismo galego*. Vigo: A Nosa Terra, 1996.
- CAMBÓ, Francisco. “Verbes d'un apóstol: Do evanxelio nacionalista”. Tradución anónima. *A Nosa Terra* 20 (1917): 1-2.
- CARDOZO, Mário. “Jóias arcaicas encontradas em Portugal”. *Nós* 72 (1929):

- 207-218 e 75 (1930): 43-57.
- CORREA CALDERÓN, Evaristo. “Os raros i’os novos: Páxinas estranxeiras”. *A Nosa Terra* 76 (1918): 5.
- GARCÉS, Tomás. “Letres catalanes: Angel Guimerá, poeta”. *Nós* 3 (1920): 14.
- GUIMERÁ, Angel. “Letras catalanas: As catro viuvias”. Trad. por Abel Demo. *Nós* 63 (1929): 1.
- “Intertroque cultural nazionalista”, *A Nosa Terra* 118 (1920): 1.
- “Letras irmáns: Un fermoso conto de Eça de Queiroz: A aia”. Traducción anónima. *A Nosa Terra* 65 (1918): 4-5.
- MARAGALL, Joan. “A vaca cega”. Trad. por Iglesias Roura. *A Nosa Terra* 21 (1917): 7.
- “Unha vos”. Trad. por Evaristo Correa Calderón. “Os raros i’os novos: Páxinas estranxeiras”. *A Nosa Terra* 76 (1918): 5.
- Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega* (1920-1935). Edición facsímile. 6 tomos. A Coruña: Xuntanza Editorial, 1991.
- A Nosa Terra* (1916-1936/1951-1971). Edición facsímile. 12 tomos. A Coruña: Xuntanza Editorial: 1989-1991.
- “Os homes, os feitos, as verbas: Revista de Catalunya, març-abril, 1929”. *Nós* 69 (1929): 159.
- “Os homes, os feitos, as verbas: Teixeira de Pascoaes e Nós”. *Nós* 1 (1920): 18.
- “Pra unha antoloxía: Letras irmáns”. *A Nosa Terra* 51 (1918): 3.
- “Primeiras verbas”. *Nós* 1 (1920): 1-2.
- “Verbas de Pi Margall”. Traducción anónima. *A Nosa Terra* 3 (1916): 3.
- RISCO, Vicente. *Teoría do nacionalismo galego*. Edición orixinal Ourense: La Región, 1920. Ed. de Justo Beramendi. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000.
- “W.B. Yeats”. *Nós* 3 (1920): 15-16.
- VERDAGUER, X. “San Francisco pregando ôs paxariños (Do poema en catalán «San Francesch» de Mosén, X. Verdaguer.)”. Trad. por Xosé M. Cabada Vázquez. *Nós* 86 (1931): 27.

McKevitt, Kerry Ann. “Os nosos irmáns: intercambios literarios entre a Xeración Nós e as Irmandades da Fala coas literaturas peninsulares (1918-1936)”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.